

**ELECCIÓNS 2010  
 DE REPRESENTANTES NAS XUNTAS DE CENTROS**

**RESOLUCIÓN DE RECURSOS CONTRA A PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATOS/AS  
 E PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS/AS**

Acordo da Comisión Electoral Central do 18 de febreiro de 2011

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de eleccións de representantes nas xuntas de centro (facultades e escolas), aprobada por acordo da Comisión Electoral Central do 9 de decembro de 2010, vistos os recursos presentados contra a proclamación provisional de candidatos/as no prazo establecido,

**A COMISIÓN ELECTORAL CENTRAL, reunida o 18 de febreiro de 2011, ACORDOU:**

**1. ESTIMAR** os recursos presentados polos seguintes solicitantes contra a proclamación provisional de candidatos/as realizada pola Secretaría Xeral o día 11 de febreiro de 2011, cos efectos que se indican:

RECORRENTE	EFFECTOS DA ESTIMACIÓN
Bermúdez Delgado, Denis	Incluír na agrupación COMITÉS
Martínez Porteiro, Mónica	Incluír a candidatura na ETSE
Mendes Ramos, David Manuel	Incluír a candidatura na Facultade de Filosofía
Noval Ramón, M <sup>a</sup> del Carmen	Incluír a candidatura na ETSE
Piñeiro Díez, Robert	Incluír a candidatura na Facultade de Dereito
Villar Cobas, Eva	Incluír na agrupación AEE

**2. INCLUIR** de oficio na listaxe de candidatos/as definitivos/as, ás seguintes persoas que presentaron a candidatura en tempo e forma, e que por erro non constaban na listaxe de candidatos/as provisionais:

SOLICITANTE	CIRCUNSCRICIÓN
Caridad Varela, Lucía	Incluír a candidatura na Facultade de Matemáticas
Torres Beceiro, Isabel	Incluír a candidatura na Facultade de Farmacia

**3. ADMITIR AS RENUNCIAS** como candidatos/as dos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	EFFECTOS
Chento Cao, David	Renuncia á súa candidatura
Vargas Delgado, Óscar Rene	Renuncia á súa candidatura

**4. DESESTIMAR** os recursos presentados polos seguintes solicitantes:

RECORRENTE	MOTIVOS DA DESESTIMACIÓN
Montero Castro, Ignacio	Incumprimento do prazo establecido no punto quinto da convocatoria
Muñiz Abaldes, Cristian	Non presentou candidatura no prazo establecido no punto quinto da convocatoria
Troitiño Cabanelas, Roberto	Non presentou candidatura no prazo establecido no punto quinto da convocatoria

**5. PROCLAMAR CANDIDATOS/AS** ás persoas que constan nas listaxes anexas con indicación do sector ou subsector e circunscrición nos que presentaron candidatura.

**6. DISPOÑER** a ordenación alfabética dos candidatos/as nas papeletas electrónicas a partir da letra S, como resultado do sorteo celebrado na Secretaría Xeral o día 18 de febreiro de 2011.

**7. DISPOÑER A PUBLICACIÓN** na web e nos taboleiros electorais das relacións definitivas de candidatos/as, así como do presente acordo.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión Electoral Central. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2011

O PRESIDENTE DA COMISIÓN ELECTORAL CENTRAL



*José Manuel Lorenzo Salgado*

José Manuel Lorenzo Salgado

Sra. Secretaria Xeral  
Decanos/as e Directores/as de Escola  
Taboleiros electorais da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo